



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE FEBREIRO DE 2013

LICENZAS

OUTRAS OBRAS

LIC/1835/2012.- PUENTEGASA, SL.- Rehabilitación de cuberta de tella con estrutura de Madeira na rúa do Cruceiro do Gaio, 1.

LIC/2012/2012.- ASCENSORES SAR GALICIA, SL.- Instalación de ascensor na rúa de García Lorca, 16.

LIC/2007/2012.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Traslado e reposición dun hórreo no lugar de Vieiro, Fontiñas.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/107/2013.- SANTIAGO SUR GALICIA, SL.....LIC/1866/2006 6.000 €

LIC/109/2013.- SANTIAGO SUR GALICIA, SL..... LIC/2504/2003 5.000 €

4 a 58.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

59.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

A XGL aprobou rexeitar este recurso de reposición en relación coa solicitude de exención na taxa sobre subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, xa que, segundo o informe emitido polo Servizo de Benestar o interesado non cumpre cos requisitos esixidos.

60.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a diversas solicitudes de exención nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as devanditas exencións.

61.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á solicitude de bonificación na taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.

A XGL aprobou conceder a ADIVINA PRODUCCIONES a bonificación do 50% na taxa por utilización de dominio público segundo a normativa vixente.

62.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do Plan de Control Tributario para o exercicio 2013.

Apróbese o Plan de Control Tributario para o exercicio 2013 tal e como establece o artigo 116 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

63.- Proposta da alcaldía relativa á actualización do Manual de procedementos de xestión e control do proxecto Urbana Santiago Norte.

A XGL a proposta da Alcaldía e á vista do Informe do Coordinador do Proxecto Urbana Santiago Norte aprobou a actualización da redacción do texto do Manual de procedementos do Proxecto Urbana Santiago Norte, ampliando e detallando os procedementos xa descritos para a detección e subsanación dos erros potenciais, segundo as recomendacións feitas.

64.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior, Persoal, Informática, Consumo e Atención ao Cidadán relativa á aprobación dun convenio coa Universidade de Vigo para a realización de prácticas en Empresas.

Aprobouse a proposta da concelleira de Persoal o convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo e o Concello de Santiago para a realización de prácticas por parte dos alumnos desta universidade co fin de que estes poidan ter a oportunidade de prepararse para o exercicio profesional en distintas areas operativas.

65.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas correspondente ao exercizo 2013.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Benestar solicitar unha subvención para o 100% do custo dos cursos de formación para persoas en situación de desemprego coa seguinte distribución:

- Programación Ordinaria para o Centro de San Xuás de Aríns:
 - Organización de proxectos instalacións solares térmicas.
 - Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas.
 - Operacións de fontanería e calefacción doméstica.
 - Operacións auxiliares de montaxe de rede eléctrica.
 - Instalación de elementos de carpintería.
 - Montaxe e mantemento de redes de auga.
- Programación Ordinaria para Centro CERSIA:
 - Xestión integrada de RR.HH.
 - Asistencia á Dirección.
 - Xestión contable e xestión administrativa para auditoría.
- Programación de convenios para o Centro de San Xuás de Aríns:
 - Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión.
- Programación de convenios co Centro do CERSIA:
 - Operacións de grabación e tratamento de datos e documentos.
 - Eficiencia enerxética.

66.- Propostas da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativas á resolución de recursos de reposición.

A XGL aprobou rexeitar un recurso de reposición plantexado contra as bases da convocatoria do Proxecto Persoa V por estar este recurso presentado fóra de prazo.

67.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica para dar conta do acordado polo Xurado de Expropiación de Galicia con relación ás parcelas C e G, do Proxecto de expropiación para a obtención dos terreos sobre os que se construírá o Centro de Ciencias do Patrimonio Cultural do CSIC no ámbito da parcela EU-10 do PE-3R. Brañas do Sar.

Apróbase a proposta.

68.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2012 relativo ás obras de urbanización executadas na rúa Roma (expediente LIC/1837/2005).

Apróbase a proposta.

69.- Proposta de diversos concelleiros relativa á solicitude de subvencións á Deputación Provincial da Coruña. Ano 2013.

A XGL aprobou a proposta dos Concelleiros de Deportes, Centros Socioculturais e Educación para solicitar á Deputación as subvencións para distintos programas:

CADRO RESUME DOS PROGRAMAS PARA OS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS

Programa de subvencións para actividades culturais		
	<i>Orzamento total de gasto</i>	<i>Subvención solicitada</i>
Programas de dinamización educativa e cultural	47.349,46 €	32.500,00 €
Programa de subvencións para infraestructuras e equipamento cultural		
	<i>Orzamento</i>	<i>Subvención solicitada</i>
Instrumentos, material informático e mobiliario para a Escola de Música e mobiliario e equipamento para o Centro Sociocultural de Santa Marta	32.500 €	32.500,00 €
Programa de subvencións para conservatorios e escolas de música		
		<i>Subvención solicitada</i>
Escola Municipal de Música		10.000,00 €

Programa de subvención para actividade deportiva		
	<i>Orzamento total</i>	<i>Subvención solicitada</i>
Participación nos X Xogos do Eixo Atlántico	19.000 €	19.000,00 €

Programa de subvención para infraestrutura e equipamento deportivo		
	<i>Orzamento total</i>	<i>Subvención solicitada</i>
Instalación do equipamento específico para a práctica de hockei a patíns (vallas, porterías,...) no polideportivo do CEIP Apostol Santiago.	45.000 €	45.000,00 €

70.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á aprobación e inicio de actividade do programa "Santiago Investors Support 2013".

Á vista do informe da técnica responsable da Oficina de Economía relativo á aprobación do programa de actividades SANTIAGO INVESTORS SUPPORT 2013 a XGL aprobou o seguinte programa de actividades:

- Preparados para competir: realización de actividades formativas, obradoiros de maduración de proxectos e seminarios empresariais e patrocinios de eventos de carácter empresarial...52.000 €.
- Encontros comerciais: realización de dous encontros comerciais cunha capacidade de 150 prazas cada un...23.000 €.
- Promoción e divulgación...20.000 €.
- Gastos xerais de funcionamento...15.000 €.